



PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2020/21 (PL500A)

PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN

Mediante a Orde do 23 de decembro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, anunciouse a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2020/21 (PL500A) (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2021).

Tras concluír o prazo de presentación de solicitudes, as comisións provinciais de cualificación avaliaron os proxectos admitidos e fixaron a puntuación asignada a cada un conforme aos criterios establecidos na base 9 da convocatoria. Así mesmo, deron conta daquelas solicitudes que resultaron excluídas por non cumprir algún dos requisitos esixidos.

De acordo coa base 12 da convocatoria, a Comisión Central de Cualificación, constituída ao abeiro da base 8, elabora esta proposta provisional de resolución, que inclúe unha listaxe por provincias na que se indica a puntuación outorgada a cada proxecto admitido e o financiamento asignado a cada centro, de acordo cos criterios sinalados na base 11, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta provisional faise pública na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>), e os centros interesados disporán de 10 días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da súa publicación, para formular as alegacións que consideren oportunas ante a xefatura do gabinete de normalización lingüística da provincia que corresponda, nos lugares e na forma indicados na base 5 da convocatoria. En todo caso, os centros que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico ao gabinete de normalización lingüística da súa provincia, no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2021

A presidenta da Comisión Central de Cualificación

M.^a Lourdes Batán Aira

